

MATERIA  
Filosofías Orientais

TITULACIÓN  
Grao en Filosofía

unidade  
didáctica  
4

# Filosofía xaponesa

Alba Iglesias Varela

Área de Filosofía  
Departamento de Filosofía e Antropoloxía  
Facultade de Filosofía

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2022

**Deseño e maquetación**

J. M. Gairí

**Edita**

Edicións USC

[usc.gal/publicacions](http://usc.gal/publicacions)

**ISBN**

978-84-19679-04-8

**DOI**

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679048>

**MATERIA: Filosofías Orientais**

**TITULACIÓN: Grao en Filosofía**

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

**Unidade I. Filosofía xudía**

**Unidade II. Filosofía árabe**

**Unidade III. Filosofía chinesa**

**Unidade IV. Filosofía xaponesa**

**Unidade V. Filosofía india**

## ÍNDICE

---

### PRESENTACIÓN

### OBXECTIVOS

### CONTIDOS BÁSICOS

1. Introducción
2. A estrutura do pensamento xaponés: o Shintō
3. As influencias externas
  - 3.1. Confucianismo
  - 3.2. Budismo
4. A introdución da filosofía occidental en Xapón: Amane Nishi (1829-1897)
5. Algúns/nhas representantes da filosofía xaponesa
  - 5.1. Nishida Kitarō (1870-1945) e a Escola de Kyoto
  - 5.2. Yosano Akiko (1878-1942): a liberdade da muller
  - 5.3. Watsuji Tetsurō (1886-1964): ética e fenomenoloxía
  - 5.4. Nishitani Keiji (1900-1990): pensando o nihilismo
6. A situación dos estudos xaponeses na actualidade

### METODOLOXÍA

### ACTIVIDADES

### AVALIACIÓN

### BIBLIOGRAFÍA

## PRESENTACIÓN

---

As filosofías orientais veñen representando unha parte menor dos estudos de filosofía nas universidades. Porén, duns anos a esta parte, o interese por estes sistemas filosóficos creceu tanto entre o alumnado coma entre o profesorado das universidades. Esta unidade didáctica, pertence á materia optativa de Filosofías Orientais impartida no 3º curso do Grao de Filosofía na Universidade de Santiago de Compostela. No que atinxe a esta unidade didáctica, centrámonos no Tema 5: A filosofía xaponesa.

A materia de filosofías orientais abrangue un total de 4.5 créditos ECTS que se traducen en 112.5 horas distribuídas da seguinte forma:

- Clases teóricas: 12 horas.
- Clases prácticas: 12 horas.
- Actividades titoriais: 4 horas.
- Exames: 2 horas.
- Traballo autónomo do alumnado: 82.5 horas.

Debido a que esta materia abrangue un conxunto moi amplo de sistemas filosóficos, na súa maioría pouco tratados noutras materias, dividiuse en cinco grandes bloques temáticos seguindo o criterio de facilitar ao alumnado o estudo destas formulacións filosófico-relixiosas. Así, encontrámonos con cinco unidades distribuídas da seguinte forma: I. Filosofía xudía; II. Filosofía árabe; III. Filosofía chinesa; IV. Filosofía xaponesa e V. Filosofía india.

A presente unidade didáctica corresponde ao IV bloque temático que se dedica á «Filosofía xaponesa». Este tema organizouse en seis apartados diferenciados nos que se poderá introducir o alumnado ao concepto de filosofía que se manexa no pensamento xaponés e a súa proximidade coa relixión. Deseguido, explicarase a estrutura básica do pensamento xaponés, tendo como elemento fundamental o Shintō (manifestación relixiosa orixinaria do Xapón). Debido á singular característica da cultura xaponesa, o forte sincretismo relixioso que vertebra o seu pensamento, dedícase unha sección da unidade a explicar as influencias externas que aínda a día de hoxe perviven no pensamento xaponés, i.e. confucianismo, taoísmo e budismo. Tendo estes contidos claros, o seguinte punto céntrase na figura do filósofo Amane Nishi, principal precursor da introdución da filosofía occidental en Xapón. A continuación, a unidade didáctica centra a súa atención en sinalar algúns e algunhas dos/as intelectuais máis salientables do pensamento xaponés e, por último, introducirase o alumnado na situación actual dos estudos xaponeses, principais centros de estudos en España, publicacións, etc.

## OBXECTIVOS

---

A materia de Filosofías Orientais ten docencia no 3º curso do Grao en Filosofía, sendo esta o único contacto que o alumnado ten coa filosofía oriental. Os obxectivos desta materia son os seguintes:

- O1: Adquirir os coñecementos propios da materia.

- O2: Analizar e interpretar textos filosóficos de diferentes marcos culturais de Oriente.
- O3: Dominar o léxico filosófico das culturas orientais.
- O4: Familiarizarse cos traballos de investigación.
- O5: Acadar destreza na exposición oral de traballos académicos.

Obxectivos específicos da unidade didáctica:

- Coñecer e aplicar correctamente a terminoloxía da filosofía xaponesa, tendo en conta as diferentes correntes filosóficas que conforman o que coñecemos como «filosofía xaponesa». Corresponde aos obxectivos xerais 1, 3 e 5.
- Saber interpretar textos filosóficos propios da filosofía xaponesa, así como poder identificar a que tradición pertencen. Corresponde aos obxectivos xerais 1, 2 e 4.
- Coñecer os principais representantes da filosofía xaponesa moderna e familiarizarse coas súas principais achegas ao mundo da filosofía. Corresponde aos obxectivos xerais 1 e 2.

As competencias da materia que se tratarán nesta unidade didáctica son as seguintes:

Básicas e xerais

- CX1: Que os/as graduados/as posúan e comprendan os coñecementos propios da Filosofía como saber, incluíndo as súas doutrinas, teorías, métodos e aplicacións, ao nivel proporcionado polos textos académicos, con referencia a achegas investigadoras recentes.
- CX2: Que saiban aplicar eses coñecementos para identificar, formular e resolver problemas no ámbito da Filosofía, a un nivel xeral e non especializado.
- CB1: Que os estudantes demostren posuír e comprender os coñecementos da área de estudo ao enfrontarse a textos de niveis avanzados que inclúan coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
- CB2: Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
- CB3: Que os estudantes teñan a capacidade de reuniren e interpretaren datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
- CB4: Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
- CB5: Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprenderen estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

As competencias específicas son as seguintes:

- CE1: Coñecer as disciplinas, as teorías, os métodos, as aplicacións e as correntes propias da Filosofía, seguindo a súa historia e nas súas

formulacións contemporáneas. Estes coñecementos indícanse nas fichas das materias.

- CE6: Saber expresarse, comunicar, debater e dialogar.
- CE7: Capacidade para organizaren a información, tomaren decisións, exporen e resolveren problemas.

## CONTIDOS BÁSICOS

---

### 1. Introducción

Unha das primeiras cuestións que xorden ao falar de filosofía xaponesa é «que é iso que chamamos filosofía xaponesa?». É moi habitual atopar a idea de que Xapón carecía de pensamento filosófico ata a chegada da filosofía occidental no século XIX, porén é innegable a presenza de sistemas de pensamento enfocados nas reflexións ao redor da linguaxe, a existencia, a dicotomía mente-corpo, etc., previas á aparición da filosofía occidental, que demostran a existencia dun fundamento esencial para o pensamento filosófico xaponés contemporáneo. Esta circunstancia lévanos á importancia deste tema dentro da materia, xa que falamos de formulacións filosóficas que sufriron esquecemento histórico dentro do mundo da filosofía, sendo Xapón o único receptor destas ideas durante décadas. Neste apartado introdutorio, tratarase o concepto de filosofía no marco xaponés e a súa hibridación co pensamento relixioso, característico destes sistemas. Tamén se marcará un eixe cronolóxico do pensamento xaponés para que o estudantado o teña presente durante a explicación do tema e atope máis doado situarse historicamente nas formulacións que se irán desenvolvendo.

### 2. A estrutura do pensamento xaponés: o Shintō

Cando falamos de pensamento xaponés debemos ter en conta que este se constrúe en base á confluencia de diferentes sistemas que conviviron durante séculos. Neste apartado introducirase ao alumnado no substrato identitario cultural considerado como a primeira manifestación do pensamento xaponés: o Shintō. Considerada como a relixión autóctona do país nipón, o Shintō representa o núcleo do pensamento xaponés, caracterizado sobre todo polo animismo e o vitalismo. Para abordar este apartado, realizarase unha breve cronoloxía da historia do Shintō, xa que é importante ter en conta os grandes cambios que sufriu esta tradición ao longo dos anos. Da propia tradición estudaranse: as características políticas e sociais do Shintō, as características espirituais (existencial e esencialista), os conceptos de «sagrado» e «misterio» como puntos de reflexión clave e a relación do Shintō co mundo «cotián» e a natureza. Recoméndase para o estudo do alumnado, ao que esta parte se refire, as seguintes lecturas: Ono (2014) e Kasulis (2012).

### 3. As influencias externas

O pensamento xaponés construíuse pola confluencia dada entre a cultura autóctona (o Shintō) e as influencias externas chegadas dende china, i.e. confucianismo e budismo. É clave para entender a filosofía xaponesa dunha maneira holística, ter en conta como afectou a chegada destas tradicións no país nipón. Estas dúas tradicións estúdanse en temas anteriores desta materia, polo que, para non ser repetitivos, o que se traballará neste apartado é a presenza desas tradicións no Xapón, a súa convivencia/conflitos co Shintō e os elementos que achegaron ao pensamento xaponés.

#### 3.1. Confucianismo

O confucianismo chega a Xapón entre os séculos III e V, influenciando notablemente á cultura xaponesa. A súa influencia notouse sobre todo nas clases políticas que fixeron uso das súas ensinanzas na arte de gobernar. Isto debeuse a que o confucianismo é ante todo unha moral social enfocada a fortalecer o sentimento de pertenza ao grupo, así sexa a comunidade, a familia, a empresa na que se traballa, etc. A introdución do confucianismo supuxo tamén a introdución da ética que apenas tiña presenza no Shintō e no budismo xaponés. Tamén é salientable que, esta tradición, asentou as bases para o esvaecemento do suxeito individual fronte ao grupo, un trazo moi característico do pensamento e da cultura xaponesa, reivindicado despois por moitos pensadores. Para o traballo deste subapartado recoméndase a lectura de Heisig, Kasulis, Maraldo, Bouso (2016, 315-323) e González (2014, 105-120).

#### 3.2. Budismo

O budismo chega a Xapón no século VI traendo consigo un pensamento máis centrado na interioridade do ser humano que o que se podía atopar no Shintō ou no confucianismo, que centraran os seus esforzos reflexivos no mundo material, exterior, no que viven as persoas. Así, o budismo introducirá a problemática da conciencia, da mente, da debilidade humana e a importancia do autodomínio, do «absoluto», da Nada ou vacuidade, etc. Porén, a súa promesa salvífica, aínda que cun ton un pouco pesimista, calou no pobo nipón ata converterse nun dos piares fundamentais para comprender o pensamento xaponés. Ao igual que no caso anterior, o budismo é explicado noutro tema desta materia, polo que, para non pecar de reiterativos, traballaranse só, neste apartado, as escolas búdicas xaponesas e a súa influencia na construción do pensamento xaponés. Recoméndase, para o traballo deste subapartado, as seguintes lecturas: González (2014, 51-101), Matsuo (2007).

### 4. A introdución da filosofía occidental en Xapón: Amane Nishi (1829-1897)

Amane Nishi naceu en Tsuwano (prefectura de Shimane) no ano 1829, durante a súa época como estudante, será educado no pensamento de Zhu Xi (confucianista



chinés do século XII), aínda que posteriormente se verá atraído polas formulacións do pensador Ogyū Sorai (1666-1728), tamén confucianista pero cunhas ideas contrarias á escola do antedito filósofo chinés. Este filósofo xaponés é recoñecido por ser o introdutor da filosofía occidental en Xapón, ademais de realizar importantes traducións e acuñar o concepto de *tetsugaku* (filosofía) para referirse ao pensamento filosófico tipicamente occidental e así poder diferenciarlo do pensamento propiamente xaponés. Neste apartado introducirase o alumnado no momento histórico da Restauración Meiji, que propiciou, entre outros aspectos, a introdución da filosofía occidental no país nipón. Explicarase ademais a importancia da figura de Nishi neste proceso e as consecuencias que tivo na filosofía nipona, facilitando lecturas escollidas da obra de Havens (1970) incluída na bibliografía.

## 5. Algúns/nhas representantes da filosofía xaponesa

Nesta apartado facilitaráselle ao alumnado información sobre algúns e algunhas representantes máis salientables do pensamento xaponés. Escóllense intelectuais do século XIX e XX por seren algúns dos máis representativos dentro do mundo filosófico xaponés, pero pódense incluír, ao longo das clases maxistras, outros nomes e obras que o docente considere oportunos. Outro criterio a ter en conta é a accesibilidade dos/as autores/as a tratar, xa que este campo de estudo non conta con abundantes traducións, o que limita moito o acceso a información aos estudantes.

### 5.1. Nishida Kitarō (1870-1945) e a Escola de Kyoto

Nishida está considerado o filósofo máis importante do pensamento xaponés no século XX. Nado en Kanazawa, estudou filosofía na Universidade Imperial de Tokyo, na que neses momentos a ensinanza da filosofía estaba dominada polo estudos de filosofía occidental. Porén, Nishida, interesárase pola filosofía india e chinesa, en concreto o budismo Zen Rinzai. Educado polo tanto no pensamento occidental e no oriental, Nishida presentárase coma un filósofo que constrúe un pensamento hibridado entre os dous mundos filosóficos nos que se mantivo toda a súa vida. Así, trátanse neste subapartado as súas formulacións sobre a filosofía Zen e a súa unión coa filosofía moderna, o pensamento lóxico, a experiencia do suxeito, a relación mente-corpo e a dicotomía suxeito-objeto. Ademais, introducirase o alumnado na Escola de Kyoto, a escola filosófica nada en torno á figura de Nishida e continuadora do seu pensamento. Son salientables nomes como Tanabe Hajime (1885–1962), Kōsaka Masaki (1900-1969) ou Tsujimura Kōichi (1913-2002). A escola de Kyoto conta con múltiples representantes, salientamos aquí os anteditos pero o docente pode incluír os que considere oportunos. Podería ser recomendable a mención ao filósofo Daitetsu Teitaro Suzuki (1870 – 1966), amigo de Nishida que o introduce na práctica do budismo Zen, amplamente coñecido por seus estudos filosóficos neste campo e as súas traducións de obras filosóficas xaponesas ao inglés. Recoméndase para o traballo do alumnado deste subapartado, lecturas escolleitas de Heisig (2002).

### 5.2. Yosano Akiko (1878-1942): a liberdade da muller

Cofiecida sobre todo pola súa obra poética, o pensamento desta muller xaponesa pasou desapercibido para o mundo intelectual internacional. Parte da súa produción versa sobre a crítica social do seu tempo, dedicando unha parte importante á situación da muller, que definía a súa identidade en base ao seu rol de esposa en nai. Tamén reivindicou a necesidade que tiñan as mulleres da súa época de acceder á educación como vía de independencia. Neste apartado tratarase, a través do pensamento de Yosano, a situación da muller no Xapón e os primeiros pasos do pensamento feminista no país Nipón. Xa que a autora ten influencias de intelectuais de períodos anteriores, é recomendable facer un repaso destas escritoras para dar visibilidade a pensadoras xaponesas de outras épocas e que son menos recoñecidas. Recoméndase para o traballo de este apartado as lecturas de Heisig, Kasulis, Maraldo, Bouso (2016, 1127-1159) e Mackie (2003).

### 5.3. Watsuji Tetsurō (1886-1964): ética e fenomenoloxía

Watsuji é recoñecido por ser o primeiro teórico da ética no país nipón no século XX. Porén, o seu pensamento vai máis alá e son salientables os seus estudos sobre relixión e fenomenoloxía. Estivo moi interesado pola filosofía occidental, en concreto polo pensamento de Nietzsche, Kierkegaard ou Heidegger. Foi pioneiro no estudo fenomenolóxico do clima e aínda que non continuou por estas sendas filosóficas deixou importantes reflexións ao redor da comprensión da existencia do ser humano en base á súa espacialidade. A ética foi o outro pilar dos seus estudos filosóficos, de feito, a ética, para este pensador xaponés, era o centro de toda filosofía. Non é de estrañar, polo tanto, que unha das súas grandes obras, e pola que é recoñecido, sexa a súa Ética que comprendeu tres volumes. Para o traballo deste apartado recoméndase a lectura de Watsuji (2016) e Kasulis (2019, 484-525).

### 5.4. Nishitani Keiji (1900-1990): pensando o nihilismo

Nishitani entra en contacto coa filosofía sendo moi novo, ao sentirse chamado polo budismo Zen. O seu interese por esta rama do budismo xaponés, xorde coas lecturas da obras do filósofo Daitetsu Teitaro Suzuki, porén, o contacto coa obra de outros pensadores ampliará os seus intereses ao pensamento filosófico en xeral. Con 37 anos viaxou a Europa onde tiña pensado realizar estudos xunto con Henri Bergson, pero a saúde do filósofo francés impediu este feito. Non obstante, estivo dous anos en Friburgo onde estudou con Martin Heidegger. A maior parte do seu pensamento está enfocada cara á filosofía da relixión con tinguiduras existencialistas, moi influenciado pola filosofía de Nishida e polo misticismo alemán. Para o traballo deste apartado é recomendable as seguintes lecturas: Heisig, Kasulis, Maraldo, Bouso (2016, 735-753) e Hantke (2020, 155-168).

## 6. A situación dos estudos xaponeses na actualidade

Os estudos xaponeses, pola súa particularidade, non viron favorecida a súa difusión. É preciso ter en conta que o idioma xaponés provoca unha especie de illamento da súa produción intelectual, ao ser un idioma complexo e de difícil tradución cando falamos dun campo como a filosofía. Porén, un crecente interese polo pensamento do país nipón vén crescendo dende hai xa uns anos e agora é cada vez máis sinxelo atopar traducións en linguas europeas. Este apartado enfocarase dende dúas perspectivas e de forma máis ben informativa; por unha banda, trataranse as novas derivas do pensamento xaponés, traendo a colación algúns nomes do panorama filosófico contemporáneo. Por outro lado, facilitaráselle ao alumnado un mapa do estado dos estudos xaponeses en España que inclúan grupos de investigación, revistas especializadas, etc. co fin de visibilizar os estudos xaponeses. Para complementar o visto neste apartado recoméndase a seguinte lectura: López (2019).

## METODOLOXÍA

---

Para facilitar o desenvolvemento desta unidade didáctica propónse a seguinte metodoloxía:

- Leccións maxistras que se centrarán en explicar os contidos teóricos e nas que se facilitará a participación do alumnado en forma de debates e resolución de pequenas cuestións propostas polo docente. Duración: 4 sesións de 1 hora cada unha.
- Clases interactivas nas que se desenvolverán as actividades propostas nesta unidade didáctica, estarán relacionadas cos contidos tratados nas clases maxistras. Duración: 2 sesións de 1 hora cada unha.
- Titorías personalizadas onde se poderán tratar as dúbidas e cuestións relacionadas coa materia impartida. Duración: 3 horas.

## ACTIVIDADES

---

As actividades realizaranse nas aulas interactivas, establecidas en dúas sesións dunha hora cada unha. As actividades formuladas son as seguintes:

- Primeira sesión interactiva: o alumnado, dividido por grupos de traballo, dedicará a sesión a traballar sobre unha escolla de textos clásicos que terá que analizar para unha posta en común que se realizará no tramo final da clase.
- Segunda sesión interactiva: o alumnado, dividido por grupos de traballo, recibirá a encarga de traballar un texto dun dos autores vistos na aula. Terá un tempo limitado para preparar un pequeno resumo e poñelo en común cos demais estudantes. É preciso que cada grupo traballe un autor/ra distinto/a para que a actividade sexa mellor aproveitada polo estudantado.

Os textos que se van traballar poden atoparse na bibliografía e o profesorado poderá decidir libremente aqueles que prefere empregar na aula.

## AVALIACIÓN

---

A avaliación da unidade didáctica forma parte da avaliación xeral da materia e centrarase na valoración das actividades que formarán parte do material avialable na avaliación continua. Nesta unidade didáctica propuxéronse dúas actividades que formarán parte do 40 % dedicado ás actividades de avaliación continua. Para valorar esta parte teranse en conta os seguintes parámetros:

- Participación activa nas aulas, capacidade de resposta e argumentación nos debates e intervencións. Levarase un rexistro por escrito da participación e do grado de calidade das respostas e argumentacións que facilitará a avaliación deste parámetro.
- Resultados das actividades: coñecementos adquiridos e manexo correcto do léxico pertencente aos sistemas filosóficos orientais. Empregarase unha rúbrica para facilitar a avaliación dos resultados das actividades.

## BIBLIOGRAFÍA

---

A bibliografía que aparece a continuación propónse como fío condutor para a preparación dos contidos de esta unidade didáctica. Non obstante, non é unha proposta estática e é posible a súa ampliación para cubrir ás necesidades ou intereses que poida mostrar o alumnado ao longo da materia.

- AGÍS VILLAVERDE, M., BARCÍA GONZÁLEZ, F.J., IGLESIAS VARELA, A. (coords.). (2019). *Caminos del pensamiento japonés*. Santiago de Compostela: Sociedad Interuniversitaria de Filosofía & Sociedad Gallega de Estudios Nipones.
- AGÍS VILLAVERDE, M., BALIÑAS FERNÁNDEZ, C., RÍOS VICENTE, J. (coords.). (2008). *Galicia y Japón. Del sol naciente al sol poniente. IX Encuentros Internacionales de filosofía no Camiño de Santiago*. A Coruña: Servizo de publicacións da Universidade da Coruña.
- ANESAKI, M. (2015). *Mitología japonesa. Leyendas, mitos y folclore del Japón Antiguo*. Polonia: Amazonía.
- BENEDICT, R. (2017). *El crisantemo y la espada*. Madrid: Alianza.
- CARTER, R. (2015). *La escuela de Kioto: Una introducción*. Barcelona: Bellaterra.
- DE BARY, W.T. (2005). *Sources of Japanese Tradition*. New York: Columbia University Press.
- GONZÁLEZ VALLÉS, J. (2014). *Historia de la Filosofía Japonesa*. Madrid: Tecnos.
- HANTKE, M. (2020). *Mística en la filosofía alemana y japonesa*. Nagoya: Chisokudō Publications.
- HAVENS, T. (1970). *Nishi Amane and Modern Japanese Thought*. Princeton: Princeton University Press.

- HEISIG, J., KASULIS, T., MARALDO, J., BOUSO, R. (eds.). (2016). *La filosofía japonesa en sus textos*. Barcelona: Herder.
- HEISIG, J.W. (2002). *Filósofos de la nada: un ensayo sobre la Escuela de Kioto*. Barcelona: Herder.
- KASULIS, T. (2012). *Shintō. El camino a casa*. Madrid: Trotta.
- KASULIS, T. (2019). *La filosofía japonesa en su historia*. Barcelona: Herder.
- LÓPEZ PAZOS, J.J. (2019). La actualidad de la filosofía japonesa contemporánea, en Agís Villaverde, M., Barcía González, F.J., Iglesias Varela, A. (coords.). (2019). *Caminos del pensamiento japonés*. Santiago de Compostela: Sociedad Interuniversitaria de Filosofía & Sociedad Gallega de Estudios Nipones.
- MACKIE, V. (2003). *Feminism in Modern Japan: Citizenship, Embodiment and Sexuality*. Cambridge: Cambridge University Press.
- MATSUO, K. (2007). *A History of Japanese Buddhism*. UK: Global Oriental.
- NAKAGAWA, H. (2008). *Introducción a la cultura japonesa*. Barcelona: Melusina.
- NISHIDA, K. (1995). *Indagación del bien*. Barcelona: Gedisa.
- NISHIDA, K. (2006). *Pensar desde la Nada. Ensayos de Filosofía Oriental*. Salamanca: Sígueme.
- NISHITANI, K. (1999). *La religión y la nada*. Madrid: Siruela.
- OKAKURA, K. (2018). *Los ideales de oriente. Con especial referencia al arte japonés*. Gijón: Satori.
- ONO, S. (2014). *Sintoísmo. La vía de los kami*. Gijón: Satori.
- WATSUJI, T. (2016). *Antropología del paisaje*. Salamanca: Sígueme.
- ZAVALA, J. (1995). *Textos de filosofía japonesa moderna: Antología*. Michoacán: El Colegio de Michoacán.
- ZAVALA, J. (1997). *Ensayos filosóficos japoneses*. México: Consejo Nacional para la Cultura y las Artes.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA